

OS MAIOS

É unha festa celebrada no denominado “ciclo de maio”, tempo comprendido entre mediados de abril e principios de maio. Nela celébrase o renacer do ciclo do mundo vexetal, a fin do inverno e o comezo do verán, o bo tempo e a aparición dos primeiros froitos.

ORIXE

No referido á súa antigüidade, existen moitas opinións, pero a maioría coinciden en que o punto de partida hai que situalo xa na prehistoria.

As celebracións dos maios están baseadas en ritos, cerimoniais e cultos agrarios destinados a conseguir unha colleita abundosa e festexar o comezo do bo tempo.

MANIFESTACIÓNS POPULARES

AGRARIAS

Realizadas habitualmente por xente adulta, a fin das mesmas era que viñese unha boa colleita e afastar os perigos dos animais e dos campos.

Moitas delas tiñan o lume como protagonista: acendíanse lumieiras ou fachos e, a través do poder das chamas, afastábanse os inimigos dos cultivos, tanto se eran meteorolóxicos como animais, ou mesmo danos producidos polas persoas.

Tamén existe a tradición dos ramos ou enramadas, unha das máis conservadas actualmente, que consiste en pór ramas de xesta nos aparellos de labranza, cornos do gando vacún, casas, etc. (Na actualidade existe o costume de colocalos nos coches).

FESTIVAS E LÚDICAS

Máis propias da rapazada, a súa finalidade era a de festexar a chegada do bo tempo, así como a aparición das flores e froitos no mundo vexetal.

- ✓ **Ramos de flores:** lévanse nas mans pequenos ramalletes de flores que nalgúns casos se entregaban a cambio de diñeiro ou larpeiradas.
- ✓ **Arcos de flores:** adoitaban ser ramas de árbores adornados con fitas e flores.
- ✓ **Cruces de flores:** adoitábase participar con elas en concursos e festas.
- ✓ **A árbore de maio:** esta tradición encontrarémola só nalgúns poucas vilas de Galicia; consistía en roubar unha árbore e poñela na praza central da vila.
- ✓ **Os Maios:** sen lugar a dúbida, actualmente é a manifestación máis importante e estendida. Existen dous tipos de Maios:
 - **Humanos:** temos a versión infantil, na que as nenas e nenos se disfrazaban de Maio cubrindo as súas roupas con follas, ramas e flores, e a versión adulta, que tamén se denomina do “norte de Galicia” pola súa procedencia.
 - **Figurativos:** consiste, na súa versión máis tradicional, nunha estrutura cun armazón ou esqueleto de paus ou táboas de forma cónica ou piramidal, recuberto de malla ou similar, que se cobre de musgo, fiúncho ou xestas. A súa forma recorda a dunha árbore, e case seguro fose esa a súa orixe. Esta armazón constrúese cun sistema de paus que permiten o seu transporte

polas rúas do lugar. Sobre a estrutura realízanse debuxos con motivos florais usando follas, flores, ovos, laranxas e outros froitos como materiais máis habituais. O cumio tradicionalmente remataba en forma de cruz ou coroa. Hoxe en día a creatividade da xente vese reflectida na elaboración dos Maios construíndo figuras moi variadas: pontes, hórreos, cruceiros, casas, animais, instrumentos, figuras humanas, etc.

CANTIGAS

As celebracións dos maios ían case sempre acompañadas de cantigas que facían referencia á chegada do mes de maio, o bo tempo, os froitos e flores, a afastar os perigos da futura colleita, á súa abundancia, ou mesmo alusións a certos manxares. Por outra banda, había outro tipo de coplas máis críticas e agresivas, cun punto burlón e irónico, que denunciaban os feitos máis notorios ocorridos ao longo do ano, e algunhas veces facían alusión a persoas que ocupaban cargos importantes. Moitas destas cantigas acompañábanse de danzas con paus, fitas ou arcos.

Exemplos dalgunhas cantigas:

*“Levántate maio
que tanto dormiches,
xa pasou o inverno
e non o sentiches”.*

*“Ehí ven o maio
pola calle Falcón,
ehí ven o maio
comendo pan e lacón”.*

*“¿Vístelo maio?
¿vístelo ben?
Se non o vistes
velo eiquí ven”.*

*“Este mes de maio
é o mes das flores
cando os paxariños
ven ós seus amores”.*

*“Chegou xa o maio
cantando ós amores,
namorando ás nenas,
vestido de flores”.*

*“Eu pidinlle o maio
a un cabaleiro...
Moita bambolla
e pouco diñeiro”*

(Extractado do artigo “Fiesta de los Maios en Galicia”, publicado por Clodio González Pérez na “Revista de Folklore” da Obra Cultural de la Caja de Ahorros Popular de Valladolid, no ano 1983)